



Mes da Ciencia en Galego

XUSTIFICACIÓN

A transferencia do coñecemento non se reduce á impartición dunha serie de contidos por parte do profesorado nas aulas. Fomentar a curiosidade e o interese por aprender e favorecer situacións nas que o alumnado poña en práctica e trate de mellorar as súas habilidades comunicativas son, entre outros, obxectivos fundamentais da educación competencial.

Con este proxecto baseado na divulgación científica, principalmente por parte do alumnado, pretendemos, non só dar valor ao traballo dos estudantes, que con pequenos experimentos explican a base científica de moitas situacións da vida diaria ou de fenómenos que podemos observar ao noso redor senón tamén, favorecer o achegamento á ciencia doutros alumnos e alumnas do centro e potenciar o interese por aprender, por investigar e por difundir ciencia na nosa lingua, en galego.

OBXECTIVOS

1. Coñecer e dar a coñecer o traballo de científicos e científicas relevantes prestando especial atención á historia e traballos de científicas galegas.
2. Conversar con científicas actuais galegas e coñecer o seu traballo.
3. Facilitar un espazo e situación para que o alumnado transfira o coñecemento a outros compañeiros e compañeiras do centro, favorecendo a divulgación da ciencia.
4. Espertar a curiosidade e comprobar efectos e consecuencias de contidos científicos teóricos.

METODOLOXÍA

Pequenos grupos de alumnos e alumnas prepararon demostracións e actividades interactivas que permitiron explicar contidos de física, química, bioloxía, xeoloxía e matemáticas ao resto de alumnado e ao profesorado do centro.

Outros grupos de estudantes investigaron sobre Ángeles Alvariño, galega á que se lle adicou este ano o XIII día da Ciencia en Galego, e sobre Evaristo Galois. Recompilaron información relevante e a plasmárona en pósters que permitiron organizar unha exposición moi creativa e didáctica.

RESULTADOS e CONCLUSIÓNS

En xeral, tanto os estudantes-divulgadores científicos coma o alumnado que se achegou a aprender e probar os experimentos, consideran que a experiencia foi positiva. Nun principio o proxecto pensouse para que o alumnado de 1º de bacharelato mostrase as súas experiencias pero, algúns alumnos e alumas de 4º ESO e tamén de 3º ESO animáronse a participar, o que demostra a boa acollida do proxecto.





Fotos:

<https://drive.google.com/drive/folders/1zARzveRWSc7rWBq62lnw5realcqIY6gn?usp=sharing>

Vídeo-presentación actividades:

<https://drive.google.com/file/d/1T6suljtZXD9Xj4YiKiQ7iJCywXUbxtqo/view>

Vídeo Mes da Ciencia en Galego:

<https://drive.google.com/file/d/1OozqXM85blz2-CB6V2kCy0eqvn1l4Aso/view>